

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 06 DE MARZO DE 2023

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2023/00011128T.

Aprobación de acta de sesión anterior.

Apróbase a acta da sesión ordinaria celebrada o día 27 de febreiro de 2023.

2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2023/00004655Z.

Licenza para a eliminación de barreiras, reforma de portal e substitución de maquinaria de ascensor do edificio situado na rúa Sánchez Freire. 60, e autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade reguladas no Decreto 29/2010.

Acórdase:

Conceder á comunidade de propietarios Sánchez Freire 60 licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto presentado o 23/02/2023 e documentación do 28/02/2023, cun orzamento de execución material de 45.287,39 €, a eliminación de barreiras, reforma de portal e substitución de maquinaria de ascensor do edificio situado na rúa Sánchez Freire. 60 Santiago de Compostela (A Coruña).

Segundo: Autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade reguladas no Decreto 29/2010, do 4 de marzo, de conformidade co informe da arquitecta municipal de data 01/03/2023 solicitada pola comunidade de propietarios Sánchez Freire 60 para a eliminación de barreiras, reforma de portal e substitución de maquinaria de ascensor do edificio situado na rúa Sánchez Freire. 60 Santiago de Compostela (A Coruña).

Terceiro: Remitir copia da presente resolución á Dirección xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo, xunto con copia da solicitude de excepcionalidade e a documentación que achega.

3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2023/00004833P.

Denegar a licenza para o parcelamento da finca sita en Lugar Sto Ignacio do Monte.

Acórdase denegar licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o documento presentado na data 30/01/2023, o parcelamento da finca sita en Lugar Sto Ignacio do Monte, Santiago de Compostela (A Coruña) xa que a *parcela está Catalogada D 212 con Grao de protección Non Integral*.

4. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/1370/2018.

Licenza para realizar, conforme ao proxecto básico e de execución FASE II, obras de rehabilitación, obras interiores para a construción de 5 vivendas en plantas altas do inmovible sito na praza da Universidade nº 3, e autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade reguladas no Decreto 29/2010.

Acórdase:

-Conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución FASE II con selo de visado do Colexio de arquitectos de data 15/07/2022 cun orzamento de execución material de 175.996,48 €, obras de rehabilitación , obras interiores para a construción de 5 vivendas en plantas altas do inmovible sito na praza da Universidade nº 3 Santiago de Compostela (A Coruña).

-Autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade reguladas no Decreto 29/2010, do 4 de marzo, de conformidade co informe do arquitecto municipal de data 27/02/2023 para a obras de rehabilitación , obras interiores para a construción de 5 vivendas en plantas altas do inmovible sito na praza da Universidade nº 3 Santiago de Compostela (A Coruña).
-Remitir copia da presente resolución á Dirección xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo, xunto con copia da solicitude de excepcionalidade e a documentación que achega.

5. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00056273G.

Licenza para a construción de vivenda familiar no Lg Torre Branca, 12A.

Acórdase:

Primeiro.- Aceptar a cesión de viario formalizada na Escritura pública de data 30/11/2022 , outorgada ante Notario co número de protocolo 1602. Debera presentar a escritura liquidada nun prazo dun mes.

Segundo: Conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme proxecto básico e de execución de data de visado do 15/11/2021 e Anexos de de datas de visado do 24/03/2022, e 16/06/2022, cun orzamento de execución material de 109.000,00 €, a construción dunha vivenda unifamiliar situada na finca sita no Lg Torre Branca, 12 A Santiago de Compostela (A Coruña).

6. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00053342V.

Reforma de inmovible sito na rúa do Sar 93, e autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade do Decreto 29/2010.

Acórdase:

Primeiro.- Conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución presentado na data 25/11/2021 con documentación complementaria de datas 04/08/2022, 05/08/2022 e 12/12/2022, cun orzamento de execución material de 71.994,93 €, a reforma de inmovible sito na rúa do Sar 93 Santiago de Compostela (A Coruña).

Segundo.- Autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade reguladas no Decreto 29/2010, do 4 de marzo, de conformidade co informe do arquitecto municipal de data 16/02/2023 para a reforma de inmovible sito na rúa do Sar 93 Santiago de Compostela (A Coruña)

Terceiro.- Remitir copia da presente resolución á Dirección xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo, xunto con copia da solicitude de excepcionalidade e a documentación que achega.

7. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00017422L.

Licenza de obras de reforma de nave industrial para instalación de plataforma de carga na rúa La Cierva, 6.

Acórdase CONCEDER a SANJURJO ALONSO, S.L. licenza de OBRAS DE REFORMA de nave industrial para instalación de plataforma de carga na RÚA VÍA LA CIERVA, 6, segundo Proxecto técnico modificado co visado do COAG de data 01/09/2022, cun orzamento de execución material de 50.525 €, baixo a dirección de obra da proxectista.

As actuacións consistirán na instalación dunha plataforma para facilitar a carga e descarga de camiións no interior da nave.

A edificación está situada en solo clasificado como urbano no PXOM vixente e cualificado coa ordenanza industrial do Plan Parcial do Polígono do Tambre.

8. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00042600Q.

Construción de vivenda familiar con edificación auxiliar para garaxe na rúa Sergude, 2.

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución de data de visado do 05/08/2021 e a documentación técnica presentada o 20 e 21/01/2023, cun orzamento de execución material de 198.374,63 €, a construción dunha vivenda unifamiliar con edificación auxiliar para garaxe na rúa Sergude,2 Santiago de Compostela (A Coruña).

9. LICENZAS DE APERTURA. Referencia: 2022/00041196B.

Licenza de obra nova para construción de plataforma loxística na rúa Castela-A Mancha, 15-17.

Acórdase conceder a ALVSAN PATRIMONIAL SL licenza de obra nova para a construción de nave destinada a almacenaxe e distribución de paquetería na RUA DE CASTELA-A MANCHA, CASTELA-A MANCHA, 15-17, segundo Proxecto básico modificado e de execución co visado do COAG de 01/12/2023, cun orzamento de execución material de 576.345,58 €, baixo a dirección do proxectista, e dirección de execución do arquitecto técnico.

Trátase da construción dunha nave dunha planta, cunha altura de 9,15 metros, superficie construída total de 1997,56 m² destinada a oficinas e almacenaxe e distribución de paquetería.

A edificación está situada en solo clasificado como urbanizable no PXOM vixente e cualificado coa *Ordenanza 3. Edificación semiacaroadada. Variante 3B*

10. LICENZAS DE APERTURA. Referencia: 2023/00002555F.

Licenza de obras de reforma para centro de investigacións na Avenida de Barcelona, 7

Acórdase CONCEDER a MESTRELAB RESEARCH,S.L licenza de obras de reforma para centro de investigación (oficinas e laboratorio) na AVENIDA DE BARCELONA, 7, segundo Proxecto básico con data de rexistro de 12/01/2023 e anexo de 07/02/20263, cun orzamento de execución material de 1.392.475,77 €, baixo a dirección de obra do proxectista e dirección de execución do arquitecto técnico.

As actuacións consistirán en obras de reforma de edificación de tres plantas para un uso de oficinas cun uso auxiliar de laboratorio e almacenamento, cunha superficie construída de 2.089,93 m², ocupación en planta de 716 m² e altura de 15 metros A edificación está situada en solo clasificado como urbano no PXOM vixente e cualificado coa ordenanza 2, Qinteiro do PXOM.

11. LICENZAS DE APERTURA. Referencia: 2022/00052623F.

Licenza de obra nova para a construción de nave destinada a venda e exposición de produtos de xardinaría na rúa do País Vasco, 27.

Acórdase conceder a CASA DA TORRE, S.L licenza de obra nova para a construción de nave destinada a venda e exposición de produtos de xardinaría na RUA DO PAIS VASCO, 27, segundo Proxecto básico con data de rexistro de 17/11/2023 e anexos de 12/01/2023 e 22/02/2023, cun orzamento de execución material de 176.379,23 €, baixo a dirección do poroxectista.

As actuacións consistirán na contrución dunha nave de nave de dous plantas, cunha altura de 6,25 metros, cunha superficie construída total de 3.285,79 m² (3.167,37 m²) e unha ocupación de 3.159,85 m² para uso terciario e de almacén.

A edificación está situada en solo clasificado como urbanizable no PXOM vixente e cualificado coa *Ordenanza 3. Edificación semiacaroadada. Variante 3C*

12. LICENZAS DE APERTURA. Referencia: 2021/00042337Y.

Rexeitar as alegacións presentadas por don M. A. S. C., no seu nome e en representación das organizacións empresariales Asociación de estacións de servizo de A Coruña, por DO L. M. S. C., por DO F.N.R. en representación de Gasolinas, Lubrificantes, Repuestos S.A (GALURESA) e polo Colegio Oficial de Ingenieros Industriais de Galicia; e conceder a PLENOIL SL licenza para a demolición de nave industrial e a construción dunha unidade de suministro desatendida na parcela con ref.catastral 8615901NH3581FOO01QU sita na intersección da vía Marconi e vía Nobel Santiago de Compostela (A Coruña).

Acórdase:

Primeiro.- Rexeitar as citadas alegacións.

Segundo.- Conceder a PLENOIL SL licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto técnico de demolición de data de visado do 19/08/2021 e o Anexo 01 de data de visado do 12/01/2023 cun orzamento de execución material de 26.939,81€, a demolición de nave industrial sita na intersección da vía Marconi e vía Nobel Santiago de Compostela (A Coruña).

Terceiro.- Conceder a PLENOIL SL licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto refundido unico industrial e de construción para unidade de suministro desatendida de data de visado do 20/07/2022 , e documentación achegada o 30/08/2022, 18/10/2022, 22/12/2022, 13, 19, 21 de de xaneiro de 2023 e do 22/02/2023, cun orzamento de execución material de 182.244,83 €,e coas condicións esixidas na proposta de resolución, a construción dunha unidade de suministro desatendida na parcela sita na intersección da vía Marconi e vía Nobel Santiago de Compostela (A Coruña).

13. OBRAS E PROXECTOS. Referencia: XOB/22/2022.

Aprobación do proxecto técnico de reurbanización da rúa do Pombal.

Apróbase proxecto técnico de reurbanización da rúa do Pombal coas seguintes condicións:

- As obras deberán realizarse baixo **control e seguimento arqueolóxico**.

- ORZAMENTO

O.E.M. (Orzamento de Execución Material) 529.891,66 €

O.B.L. (Orzamento Base de Licitación, sen I.V.E.) 630.571,07 € (O.E.M. + 13% G.G. + 6% B.I.)

O.B.L. + I.V.E. **762.991,01 €** (O.E.C. + 21% I.V.E.)

O prazo de execución previsto é de **8 meses**.

Este prazo establececese á marxe de posibles retrasos na execución da obra por falta de dispoñibilidade da totalidade do ámbito de intervención por parte da empresa adxudicataria causada por fases ou ámbitos de actuación sucesivos determinados polo servizo de trafico a efectos de garantir unha mínima continuidade no sistema viario urbano o calquera outra condición allea a empresa que xustifique unha prolongación da execución do contrato. Neste caso, a vista das novas condicións establecidas, o Concello e a empresa adxudicataria pactarán os novos prazos correspondentes coherentemente cós tempos e ritmo de execución ofertados no seu día no correspondente plan de obra.

- CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA

Establécese a seguinte clasificación: **Grupo G, Viais e pistas; Subgrupo 3, firmes de formigón hidráulico; Categoría 4.**

A proposta de reurbanización suporá a execución dos seguintes traballos:

Demolicións e movementos de terras.

- Acondicionamento vexetal.
- Instalacións de saneamento e abastecemento.
- Instalacións de abastecemento de auga e rego.
- Instalacións de alumeadado público.
- Instalacións de telecomunicacións.
- Instalacións de gas natural.
- Pavimentacións e instalación de mobiliario urbano.
- Axardinamento e plantacións.

14. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00008490P.

Aprobación do expediente de contratación das “Obras de reurbanización da Praza de León”, cun orzamento base de licitación de 201.979,60 €.

Acórdase:

Primeiro: Aprobar o expediente denominado *Obras de reurbanización da Praza de León*, e abrir o procedemento aberto simplificado de adxudicación e tramitación ordinaria, establecéndose un tipo de licitación de **201.979,60 €** (base impositiva de 166.925,29 € máis IVE do 21% por importe de 35.054,31 €).

Segundo: Aprobar o gasto correspondente por importe de e 201.979,60 €, que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 030 15321 6190000 (código de proxecto 2022 2 EDUSI 2 1 REURBANIZACIÓN DA PRAZA DE LEON).

Esta actuación forma parte da Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible Integrado do Concello de Santiago (EDUSI Santiago) cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do Programa Operativo Plurirrexional de España 2014-2020 nun 80% sendo o 20% restante con cargo a dotación económica municipal.

15. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00043908D.

Adjudicación do contrato das “Obras de condicionamento do aparcamento de servizo do parque Eugenio Granell” á empresa OBRAS Y VIALES DE GALICIA, SL.

Acórdase:

-Adjudicar o contrato que ten por obxecto, as Obras de condicionamento do aparcamento de servizo do parque Eugenio Granell á empresa OBRAS Y VIALES DE GALICIA, SL por un importe total de **129.418,61 €** (Base imponible: 106.957,53 €, IVE do 21%: 22.461,08 €), sendo a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

Así mesmo compromete como melloras unha ampliación do prazo de garantía a maiores do mínimo establecido nos pregos de 5 anos.

-Comprometer o gasto de 129.418,61 € que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 020 17100 6190000 2022 2 PARQ 3 1 PARQUES BIOSALUDABLES

16. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00045347E.

Adjudicación das “Obras de rehabilitación de firmes de vías urbanas 2022”.

Acórdase:

- Adjudicar o contrato que ten por obxecto, a execución das “Obras de rehabilitación de firmes de vías urbanas 2022” á empresa MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L por un importe total de 363.240,75 euros (Base imponible: 300.198,970 euros, IVE do 21%: 63.041,78 €), sendo a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

A empresa adjudicataria oferta como melloras:

- Mellora 1.- Ampliación do prazo de garantía sobre o mínimo establecido nos pregos: 5 anos.
- Mellora 2.- Ampliación das medidas de control de calidade: comprométese a incrementar o orzamento de control de calidade sobre o 1 % obrigatorio en: 2%.
- Mellora 3. Ampliación das medidas de control ambiental: Comprométese a incrementar o orzamento de control ambiental sobre o 1% obrigatorio en: 2%.

- Comprometer o gasto con cargo á aplicación 060 15321 6190000 2022 VIASU 14 1 REHABILITACION DE FIRME DE VIAS UR. conforme a seguinte anualidade e importe.

- Anualidade 2023: 363.240,75 euros.

17. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00005202D.

Prórroga do contrato de prestación do servizo alleo de prevención de riscos laborais para o Concello de Santiago de Compostela, incluíndo as especialidades preventivas de hixiene industrial e medicina do traballo, e a actividade de vixilancia médica da saúde.

Acórdase:

Primeiro.- Prorrogar o contrato de prestación do servizo alleo de prevención de riscos laborais para o Concello de Santiago de Compostela, incluíndo as especialidades preventivas de hixiene industrial e medicina do traballo e a actividade de vixilancia médica da saúde, asinado coa empresa GEROSALUD, S.L. polo prazo de 2 anos, que se contarán a partir do 1 de maio de 2023.

Segundo.- Aprobar e comprometer un gasto por importe de 101.550 €, que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria nº 030 92000 2270600, dos seguintes exercicios:

- Anualidade 2023 (01/05/2023 ata 31/12/2023): 24.372,00 €, no que existe crédito adecuado e suficiente segundo se deriva do documento contable RC que se xunta ao expediente.
- Anualidade 2024 (01/01/2024 ata 31/12/2024): 50.775,00 €, que queda condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente.
- Anualidade 2025 (01/01/2025 ata 30/04/2025): 26.403,00 €, que queda condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente.

18. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00031310S.

Reaxuste das anualidades do contrato de “Servizo de roza e limpeza de parcelas municipais no ámbito urbano do termo municipal de Santiago de Compostela, reservado a Centros Especiais de emprego de iniciativa social e a empresas de inserción, conforme o establecido na D.A. 4ª da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público”.

Acórdase proceder ao reaxuste das anualidades do contrato de “Servizo de roza e limpeza de parcelas municipais no ámbito urbano do termo municipal de Santiago de Compostela, reservado a Centros Especiais de emprego de iniciativa social e a empresas de inserción, conforme o establecido na D.A. 4ª da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público” adxudicado a COREGAL PARQUES E XARDÍNS, S. L. adaptándoas á realidade do contrato do seguinte xeito:

- 2023 (11 meses): 137.500,00 euros.
- 2024 (1 mes): 12.500,00 euros
- Total: 150.000,00 euros.

19. OFICINA DE REHABILITACIÓN E VIVENDA. Referencia: 2022/00042143S.

Corrección de erros no acordo da Xunta de Goberno Local de 12 de decembro de 2022, de aprobación inicial da subvención solicitada polas persoas que conforman a C.PP. VISTA ALEGRE 96-98.

Prócedese a corrección dos erros.

20. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2023/00010069E.

Dación de conta do auto recaído no PA 243/2022 CA2.

Tómase coñecemento do Auto nº 092/2022. PA 243/2022 CA2

Demandante: NOVA RADA GALICIA SL

Obxecto: satisfacción extraprocesual do recurso contra sanción de tráfico.

A demandante viña de impugnar na vía contenciosa a desestimación por silencio do recurso de reposición interposto contra a sanción por non identificación do condutor infractor, por caducidade do expediente.

21. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2023/00010102D.

Dación de conta do Auto recaído no PA 249/2022 CA1.

Tómase coñecemento do Auto nº 103/2022. PA 249/2022 CA1

Demandante: NOVA RADA GALICIA SL

Obxecto: satisfacción extraprocesual do recurso contra sanción de tráfico.

A demandante viña de impugnar na vía contenciosa a desestimación por silencio do recurso de reposición interposto contra a sanción por non identificación do condutor infractor, por caducidade do expediente.

22. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2023/00011128T.

Dar conta das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas.

Tómase coñecemento das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas de datas 24 de febreiro ao 2 de marzo de 2023.

URXENCIAS

23. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia. 2023/00011243T

Dación de conta de sentenza recaída no PO 4003/2022 do TSX

Dase conta da sentenza nº 20/2023, de data 20.01.2023, da Sala do contencioso administrativo, Sección 2ª, do TSX de Galicia. Procedemento: PO 4003/2022

Obxecto: Acordo da XGL do 11.10.2021 polo que se rexeita a aprobación inicial do Estudio de Detalle para o establecemento de condicións estéticas de fachada nos chalés adosados na zona Z.1 do SUNP-29 (Brandía)

SENTIDO DA RESOLUCIÓN. A resolución estima o recurso contencioso-administrativo ao entender que a aprobación inicial do Estudio de Detalle tivo lugar por silencio administrativo en

aplicación supletoria do artigo 76 da LSG, ao ter transcorrido máis de tres meses dende a presentación daquel no rexistro do Concello, e non contravir, neste momento inicial, a ordenación urbanística.

Respecto desta última cuestión considera a sentenza —e tamén asume esta Administración— que os promotores do Estudo de Detalle optaron, consonte a Ordenanza Z.1 do Plan Parcial do SUNP 29-Brandía-Vidán (ap. 4.16) pola substitución conxunta e simultánea da galería. Se ben, afirma a Sala, que non é procedente que o Concello esixira nesta fase de aprobación do instrumento de planeamento o compromiso de actuación conxunta asinado por todos os propietarios, requisito este que correspondería máis ben á fase de execución do planeamento xa aprobado:

En consecuencia, a Sala anula a actuación impugnada e condena ao Concello a certificar que o Estudo de Detalle obxecto destes autos, presentado con data 28.09.2018, foi obxecto de aprobación por silencio positivo, así como a continuar coa súa tramitación.

A sentenza é susceptible de recurso de casación —con data límite de presentación o

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Non interpoñer recurso de casación
3. Remitir á Dirección de Área de Urbanismo (Servizo de Planeamento e Xestión) para os efectos da súa execución, tendo en conta que o presente informe non é preceptivo nin constitúe un requisito previo para levar a efecto a dita execución polo órgano competente unha vez sexa notificada a firmeza da sentenza (Informe AX/115/2022).